

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o 30 de xuño de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERSOAL EVENTUAL.

A sra. alcaldesa da conta da proposta do 27 de xuño de 2023, que se recolle a continuación.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERSOAL EVENTUAL”

Constituída a Corporación despois das eleccións municipais que tiveron lugar o pasado día 28 de maio, o Pleno do Concello ten que resolver, entre outros extremos, o relativo á determinación do número, características e retribucións do persoal eventual, para o seu posterior nomeamento mediante Resolución da Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/1985, do 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por outra parte, de acordo co previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao persoal eventual lle será aplicable, no que sexa axeitado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

En virtude do exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Crear o posto de persoal eventual que se relaciona a continuación, determinando o seu número, características e retribucións:

Denominación do posto: RESPONSABLE DE PRENSA E COMUNICACIÓN

Número de postos: 1

Características:

Cargo de confianza da Alcaldía á quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que a/o nomeou.

As súas funcións serán asistir á alcaldesa en todo o relativo á súa relación cos medios de comunicación, así como coordinar a política informativa municipal, responsabilizarse da edición dos boletíns informativos municipais e xestionar a páxina WEB municipal.

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa flexibilidade segundo as necesidades da Alcaldía.

Retribucións:

29.625,40 euros brutos anuais

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario do Concello, e percibiranse en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Segundo.- Facer público o presente de acordo co previsto na normativa aplicable, e unha vez cumprimentados todos os trámites procedimentais, publicar no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal o nomeamento deste persoal funcionario de emprego, o seu réxime de retribucións e a súa dedicación, en cumprimento do disposto no artigo 104.3 da LRBRL.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz “

(...)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos favor (9 PP), tres en contra (3 BNG) e catro abstencións (2 PSdeG-PSOE e 2 PXC), acorda:

Primeiro.- Crear o posto de persoal eventual que se relaciona a continuación, determinando o seu número, características e retribucións:

Denominación do posto: RESPONSABLE DE PRENSA E COMUNICACIÓN

Número de postos: 1

Características: Cargo de confianza da Alcaldía á quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que a/o nomeou.

As súas funcións serán asistir á alcaldesa en todo o relativo á súa relación cos medios de comunicación, así como coordinar a política informativa municipal, responsabilizarse da edición dos boletíns informativos municipais e xestionar a páxina WEB municipal.

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa flexibilidade segundo as necesidades da Alcaldía.

Retribucións: 29.625,40 euros brutos anuais

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionario do Concello, e percibiranse en

catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Segundo.- Facer público o presente de acordo co previsto na normativa aplicable, e unha vez cumprimentados todos os trámites procedimentais, publicar no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal o nomeamento deste persoal funcionario de emprego, o seu réxime de retribucións e a súa dedicación, en cumprimento do disposto no artigo 104.3 da LRBRL.

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Visto e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz